

1. Le, en voz alta, o seguinte texto.

## COÑECES ESTAS RAZAS DE CAN ?

### Puli



É unha raza que provén dun país chamado Hungría.

Este é un can moi coñecido pola súa capacidade para o coidado de ovellas e como can policía.

É un can paciente, cariñoso, hábil para a aprendizaxe e quere aos nenos/as, aínda que necesita unha boa xornada de exercicio diario, pois ten moita enerxía.

A súa característica máis rechamante é o seu manto en forma de cordóns. Non solta pelo, non require de cepillado pero si de baño, como os demais cans.


### Xoloitzcuintle

Esta raza provén de México.



Conta cunha característica moi pouco usual nos cans: a ausencia de pelo. O seu corpo é esvelto (en castelán é esbelto), os ollos estirados, as orellas triangulares e rectas e o pescozo longo.

Unha das mascotas da pintora mexicana Frida Kahlo era un can desta raza.



Son bos cans de compañía e gardiáns do fogar. Son moi fáciles de educar pola súa intelixencia, resistencia e o seu carácter amigable. Adoitan ser moi deportistas, bos vixilantes e moi tranquilos coa xente.

## Affenpincher

Esta raza naceu en Alemania. Son cans de tamaño moi pequeno, xoguetón e traveso.



Caracterízase polo seu pelo grosso, duro e de aparencia desaliñada.

Empezouse a criar para mantelo dentro dos negocios para cazar ratos u outras pragas (plagas en castelán). Tenden a ser moi protectores cos seus donos aínda que polo seu tamaño dificilmente poderíase usar como can gardián, pois adoitan pesar ao redor de 3kg.

É necesario un peiteado frecuente para arrancar o pelo morto. En período de muda debe reforzarse a súa dieta con vitaminas xa que a cantidade de pelo que perde é moi grande.

## Dingo



Estes cans pesan entre 22 e 32 kg. Comparados cos cans domésticos de tamaño parecido, os dingos teñen fuciños máis longos, incisivos maiores e un esqueleto máis plano, cunha caluga (nuca en castelán) máis grande.

O dingo é un can salvaxe moi coñecido en Australia.

A maioría dos dingos son vistos sós, aínda que normalmente pertencen a manadas que se reúnen de vez en cando para socializar.

Os dingos non ladran tanto como os outros cans, os dingos ouvean (aúllan en castelán) moito e frecuentemente.

Algunhas das presas máis comúns dos dingos son os gansos, as ratas, os coellos ou os canguros.

## Basenji



É unha raza canina que provén de África.

Estes cans teñen dúas características moi especiais: non ladran e non cheiran como os demais cans.

Cando son pequenos son algo travesos e gústalles morder, e desta forma destruír, todo o que atopan. Unha vez que pasa esa etapa, chegan a ser unha gran mascota, aínda que manteñen o espírito intranquilo e xoguetón de por vida. Esta raza de cans é cariñosa cos seus seres queridos, pero adoitan mostrarse distantes cos descoñecidos.

A este can non lle fai moita gracia a auga. Asíase el mesmo pasándose a lingua como fan os gatos.

2. Copia este texto na túa libreta ou folio e, fai un debuxo de cada unha das razas.

3. Responde. Lembra usar maiúsculas e puntos cando sexa necesario.

a) Cal é a raza, das que aparecen no texto, que máis che gusta? Explica o motivo.

**RESPOSTA LIBRE.**

b) Imaxina que eres alérxico@ ao pelo canino. Cal poderías ter como mascota?

**Podería ter un Xoloitzcuintle, xa que carecen de pelo.**

c) Cal de todas estas razas é a máis perigosa?

**Os cans de raza Dingo son os máis perigosos.**

d) Por que cres que Frida Kahlo pintou á súa mascota?

**Porque creo que a quería e lle gustaba moito.**

e) De que raza era o can desta pintora mexicana?

**Era Xoloitzcuintle.**

f) A que se parece o pelo do cans Puli?

**A min o seu pelo recórdame a unha fregona.**

g) Que animais adoitan cazar os dingos?

**Adoitan cazar gansos, ratas, coellos e canguros.**

h) Cales son as características máis peculiares ou especiais dos cans Basenji?

Os Basenji teñen dúas características moi especiais: non ladran e non cheiran como os demais cans.

i) Que teñen en común os cans Basenji e os gatos?

Que non lles fai moita gracia a auga. Asíanse eles mesmos pasándose a lingua.

j) Escribe tres **adxectivos** dos Xoloitzcuintle.

RESPOSTA LIBRE. Por exemplo: amigables, deportistas e tranquilos.

4. Pasapalabra de repaso do curso.

COMEZA POLA LETRA	DEFINICIÓN	RESPOSTA
A	Músculos situados na zona da barrigola.	Abdominais
B	Músculo que temos na parte superior dos brazos.	Bíceps
C	Conxunto de ósos que temos na cabeza.	Cranio
D	Rapaciño é un d..... de rapaz.	Diminutivo
E	Conxunto de ósos.	Esqueleto
F	Óso máis longo do corpo humano.	Fémur
G	Músculos que temos apoiados nas cadeiras (sillas en castelán) cando estamos sentados.	Glúteos
H	Animais que se alimentan tan só de vexetais.	Herbívoros
I	Animais que non posúen esqueleto interno.	Invertebrados
L	Unha das provincias de Galicia. Recorda que son 4: A Coruña, Ourense, Pontevedra e L.....	Lugo

M	Elevación grande de terreo (de terra).	Montaña
N	Parte da cara que intervén na respiración.	Nariz
Ñ	Animal mamífero que recorda a un cabalo e a un búfalo.	Ñu
O	Animais que se reproducen por ovos.	Ovíparos
P	Óso que temos nas pernas, detrás da tibia.	Peroné
Q	INFINITIVO (-ar, -er ou -ir) do verbo queimou.	Queimar
R	Doces que adoitan ter forma circular.	Rosquillas
S	Palabra que ten o mesmo significado ca outra.	Sinónimo
T	Óso que temos nas pernas, debaixo do xeonllo (o que lle da moita grima a Rebe).	Tibia
U	Traxe coas mesmas características que deben levar algúns traballadores/as.	Uniforme
V	Clase de palabra que usamos para indicar unha acción (cantar, bailar, correr...)	Verbo
X	Auga en estado sólido (duro).	Xeo
Z	Nome propio e feminino (Pensa nos nomes que teñen as nosas nenas de 3º B).	Zaira

5. Descompón como en el ejemplo.

$$3.569 = 3 \text{ UM} + 5 \text{ C} + 6 \text{ D} + 3 \text{ U}$$

$$5.600 = 5 \text{ UM} + 6 \text{ C}$$

$$95 = 9 \text{ D} + 5 \text{ U}$$

$$630 = 6 \text{ C} + 3 \text{ D}$$



$$7.802 = 7 \text{ UM} + 8 \text{ C} + 2 \text{ U}$$

$$9.056 = 9 \text{ UM} + 5 \text{ D} + 6 \text{ U}$$

$$80 = 8 \text{ D}$$

$$900 = 9 \text{ C}$$

6. Resuelve. Haz el dibujo si lo necesitas.

1. En la librería llegaron 50 libros repartidos en 5 cajas. ¿Cuántos libros hay por caja?

$50 \text{ libros} : 5 \text{ cajas} = 10 \text{ libros que hay en cada caja.}$



2. En la frutería hay 64 melones repartidos en 8 cajas. ¿Cuántos melones hay en cada caja?

$64 : 8 = 8 \text{ melones que hay en cada caja.}$



3. En un autobús hay 45 niños y los tienen que repartir en dos autobuses. ¿Cuántos niños irán en cada autobús?

$45 : 2 = 22 \text{ niños que irán en cada bus.}$

**ATENCIÓN:** Esta respuesta es posible. Sobra 1. Por lo tanto, uno de los buses llevaría 23 niños.







FICHA: .....

Fecha: .....

Nombre: ..... Curso: .....

### EL CRUCIGRAMA NUMÉRICO

Resuelve el siguiente crucigrama numérico, para ello debes de escribir con letras el resultado de las siguientes operaciones.

#### Horizontales

a)  $32 - 24 =$

b)  $54 - 44 =$

c)  $68 - 63 =$

d)  $29 - 25 =$

e)  $87 - 67 =$

f)  $13 - 10 =$

g)  $72 - 61 =$

h)  $61 - 55 =$

#### Verticales

1)  $35 - 26 =$   
(Escríbelo al revés)

2)  $57 - 42 =$

3)  $41 - 34 =$

4)  $78 - 65 =$

5)  $97 - 83 =$

6)  $31 - 19 =$

7)  $81 - 51 =$   
(Escríbelo al revés)

8)  $52 - 34 =$

